



DATOS IDENTIFICATIVOS

Arte e turismo cultural

Materia	Arte e turismo cultural			
Código	O04G240V01901			
Titulación	Grao en Turismo			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Barriocanal López, María Yolanda			
Profesorado	Barriocanal López, María Yolanda Vilas Meis, Diana			
Correo-e	barriocanal@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Estudo dos principais bens culturais de carácter patrimonial de cara ao Turismo Cultural, abordando os problemas de convivencia entre as actividades turísticas e a preservación e respecto dos propios bens			

Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B6	Mobilidade e adaptabilidade a diferentes medios e situacións
B7	Capacidade de traballo en equipo, así como a nivel individual
B8	Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo
B9	Capacidade de aplicar os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos nun contexto académico especializado
B10	Capacidade para tornar un problema empírico en obxecto de investigación e elaborar conclusións
C3	Comprender e interpretar coñecementos ao respecto dos recursos naturais, culturais e patrimoniais relacionados coa actividade turística.
C4	Comprender e interpretar coñecementos ao respecto das diferentes manifestacións antropolóxicas, culturais e sociais que incentivan a actividade turística.
C9	Comprender e interpretar coñecementos ao respecto das técnicas básicas de investigación e prospectiva en materia turística.
C10	Analizar e avaliar os impactos xerados polo turismo
C15	Orientación do servizo ao cliente

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Coñecemento dos principais recursos patrimoniais e a súa relación co territorio, susceptibles de incentivar a actividade turística.	A1	B8	C3
	A2	B9	C4
	A3		
	A5		

Desarrollar as capacidades para a elaboración e presentación de traballos monográficos de investigación en materia turística, individual ou colectivos, baseados en fontes e bibliografía específicas.	A4	B7 B8 B9 B10	C3 C9
Capacidade para a interpretación dos produtos patrimoniais relacionados coa actividade turística, dende una perspectiva metodolóxica múltiple.	A1 A3	B9	C3 C4 C9
Desarrollar a sensibilidade para apreciar os valores do patrimonio cultural, a necesidade da súa conservación e protección, e a necesaria armonización coas actividades turísticas.		B9	C3 C10 C15
Desarrollar iniciativas para a análise e interpretación dos aspectos máis relevantes do patrimonio cultural para incentivar a actividade turística.	A2 A4	B6 B9	C4 C15

Contidos

Tema

1. Manifestacións artísticas. Periodización e estilos. Tipoloxías arquitectónicas.	4.1. A cidade histórica como produto turístico: Cidades Patrimonio da Humanidade. Conxuntos históricos.
2. O Turismo Cultural: Posibilidades, funcións e límites.	4.2. As rutas culturais: Os Camiños de Santiago.
3. O Patrimonio como recurso turístico	4.3. O espacio expositivo: Museos, Ecomuseos e Centros de Interpretación.
4. Principales productos do Turismo Patrimonial	

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	20	30	50
Saídas de estudo/prácticas de campo	9	10	19
Titoría en grupo	5	3	8
Traballos tutelados	10	30	40
Actividades introdutorias	1	0	1
Probas de resposta curta	2	20	22
Traballos e proxectos	3	7	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Clases expositivas que concentran a aprendizaxe teórica. Nas diferentes sesións se desenvolve o contido do programa, secuenciado en bloques temáticos. Para cada unidade temática ofrécese un esquema básico e bibliografía específica para seguir e profundizar nos contidos.
Saídas de estudo/prácticas de campo	Saídas de estudo fora do ámbito académico en función do contido do programa (exposicións temporais, fondos museísticos, monumentos singulares, conxuntos histórico-artísticos, etc.
Titoría en grupo	Apoio á formación do alumnado, orientado á resolver as dúbidas ou calqueira outra cuestión relacionada ca materia.
Traballos tutelados	Traballos realizados polos alumnos/as dirixidos á profundización dos diferentes aspectos da materia e ao fortalecemento da capacidade analítica e expositiva.
Actividades introdutorias	Sesión previa para a toma de contacto cos alumnos e presentación do programa da materia, actividades a realizar e sistema de avaliación.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Titoría en grupo	Atención personalizada e seguemento do alumnado na aprendizaxe da materia, atendendo todas as cuestións relativas ás actividades programadas, especialmente na orientación e revisión dos traballos tutelados e sistemas de avaliación. Realizarase a través de tutorías personalizadas e a partir das ferramentas propias da plataforma TEM@ A docencia da materia a imparte a Pfra. Diana Vilas Meis: dvilas@uvigo.es

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Saídas de estudo/prácticas de campo	Valoración da preparación e participación activa do alumnado nas saídas de estudo programadas fora da aula. Con elo o alumno dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Desarrollar a sensibilidade para apreciar os valores do patrimonio cultural, a necesidade da súa conservación e protección, e a necesaria armonización coas actividades turísticas. Desarrollar iniciativas para a análise e interpretación dos aspectos máis relevante do patrimonio cultural para incentivar a actividade turística.	20	A2 A4	B6 B9	C3 C4 C10 C15
Traballos tutelados	Na súa avaliación considerárase os seguintes criterios: singularidade, complexidade do tema de estudo, metodoloxía aplicada, bibliografía e recursos en Internet, claridade e orixinalidade expositiva. Con elo o alumnado dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Desarrollar as capacidades para a elaboración e presentación de traballos monográficos de investigación en materia turística, individual ou colectivos, basados en fontes e bibliografía específicas. Capacidade para a interpretación dos produtos patrimoniais relacionados coa actividade turística, dende unha perspectiva metodolóxica múltiple.	30	A1 A3 A4	B7 B8 B9 B10	C3 C4 C9
Probos de resposta curta	Valorarase a estruturación de ideas xunto coa precisión e claridade expositiva. Con elo o alumno dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Coñecemento dos principais recursos patrimoniais e a súa relación co territorio, susceptibles de incentivar a actividade turística.	50	A1 A2 A3 A5	B8 B9	C3 C4

Outros comentarios sobre a Avaliación

Todos os estudantes matriculados na materia teñen dereito a realizar os exames finais (Artigo 12 do Regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo). O estudante deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberá acudir ás probas que o docente dispoña como imprescindibles.

Aqueles alumnos/as que non poidan acollerse á modalidade presencial serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita que suporá un 70% da nota final, e un traballo obrigatorio que representará o 30% restante.

Na segunda convocatoria, os estudantes realizarán un exame sobre os coñecementos teóricos da materia, consistente nunha proba escrita de resposta curta, conservando o profesor as calificacións das restantes actividades feitas.

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro para o curso 2015-2016.

Bibliografía. Fontes de información

CALLE VAQUERO, M. de la, **La ciudad histórica como destino turístico**, Ariel Turismo,
GARCIA HERNÁNDEZ, M., **Turismo y conjuntos monumentales. Capacidad de acogida turística y gestión de flujos de visitantes**, Tirant lo Blanch,
HERNÁNDEZ HERNÁNDEZ, F., **El patrimonio cultural: la memoria recuperada**, Trea,
LÓPEZ GUZMAN, R. (Coord.), **Patrimonio Histórico. Aspectos intangibles y valores turísticos**, Universidad Internacional de Andalucía,
RAMOS LIZANA, M., **El turismo cultural, los museos y su planificación**, Trea,
VVAA., **Vivir las ciudades históricas. Seminario Turismo, conservación y rehabilitación del patrimonio arquitectónico y artístico**, Instituto Cultural El Brocense,
VVAA., **Turismo Cultural: el Patrimonio Histórico como fuente de riqueza**, Fundación del Patrimonio Histórico de Castilla y León,

Recomendacións